

# POLLYANNA

ELEANOR H. PORTER

TRADUCCIÓN:

ISAAC XUBÍN



*Para a miña curmá Belle*

## Capítulo 1

### A SEÑORITA POLLY

Aquela mañá de xuño a señorita Polly Harrington entrou na súa cociña un pouco apurada. Ela, polo xeral, non se comportaba dese xeito tan precipitado, gabábase das súas boas maneiras. Pero hoxe tiña présa, moita présa.

Nancy, que estaba a lavar a louza no vertedoiro, mirou para ela con sorpresa. Nancy levaba só dous meses a traballar na cociña da señorita Polly, pero era dabondo para saber que a señorita nunca tiña présa.

—Nancy!

—Si, señora —respondeu Nancy con alegría, pero sen deixar de lavar nunha xerra.

—Nancy —agora a voz da señorita Polly soaba máis severa—, cando estea a falarlle quero que deixe o que estea a facer e lle preste atención ao que lle diga.

Nancy quedou chafada e deixou inmediatamente a xerra, co farrapo aínda dentro e case deixándoo caer, algo que non a axudou a recuperar a compostura.

—Si, señora, así farei, señora —murmurou mentres tentaba endereitar a xerra e xirándose axiña—. Eu só quería bulir co traballo porque vostede me dixo que tiña que rematar coa louza.

A señorita pregou o cello.

—Está ben, Nancy, non lle pedín explicacións. Só pedín que me atendese.

—Si, señorita —Nancy ceibou un suspiro, preguntábase se algunha vez conseguiría agradecerlle a aquela muller. Nancy nunca traballara «fóra» antes, pero a súa nai

enviuvara había pouco tempo e estaba enferma, con tres fillos pequenos ademais da propia Nancy. A moza viuse obrigada a botar unha man para o sustento da familia e púxose moi contenta cando atopou un posto de traballo na cociña da gran mansión situada no alto do outeiro. Nancy viñera desde The Corners, a seis millas, e o único detalle polo que coñecía a señorita Polly Harrington era por ser a dona da vella propiedade dos Harrington e unha das máis ricas habitantes da vila. Isto era había dous meses. Agora coñecía a señorita Polly como unha señora estrita e de cara severa que pregaba o cello se caía un coitelo ao chan ou se unha porta batía con demasiada forza, e que nunca sorría, malia que os coitelos e as portas estivesen quedos.

—Cando remate o traballo da mañá —dixo a señorita Polly— pode limpar o cuarto que dá ás escaleiras do ático, e faga tamén a cama dese cuarto. Varra, limpe a estancia e despois retire as caixas e os baúis.

—Si, señora. E onde poño as cousas que teño que retirar, por favor?

—Na parte dianteira do ático —a señorita Polly dúbidou e seguiu—. Supoño que debería sabelo vostede, Nancy. A miña sobriña, a señorita Pollyanna Whittier, vén vivir comigo. Ten once anos e durmirá nese cuarto.

—Unha nena, aquí, señorita Harrington? Que cousa boa! —exclamou Nancy, pensando na fonte de ledicias que eran as súas irmás na casa de The Corners.

—Cousa boa? Ben, non sería esa a expresión que eu empregaría —retrucou a señorita Polly con dureza—, sexa como for, a miña intención é aproveitalo do mellor xeito posible, por suposto. Son unha boa muller, supoño, e coñezo o meu deber e as miñas obrigas.

O rostro de Nancy arrubiou.

—Por suposto, señora. Eu só pensei que quizais unha nena podería traer algo de alegría —dixo balbucindo.

—Moitas grazas —murmurou a señora—. De todos os xeitos, non vexo cal é a necesidade diso.

—Por suposto, vostede quere o mellor para a nena da súa irmá —arriscouse Nancy sentindo que, dalgunha maneira, debía preparar unha benvida para aquela pequena estraña.

A señorita Polly ergueu o queixo con arrogancia.

—Ben, Nancy, non sei por que teño que facerme cargo dunha nena só polo feito de ter unha irmá que foi parva dabondo como para casar e traer unha criatura a un mundo que está ben cheo delas. De todos os xeitos, como dixen antes, creo que coñezo o meu deber. Ten conta de limpar ben as esquinas, Nancy —concluíu con severidade mentres saía da cociña.

—Si, señora —suspirou Nancy, collendo a xerra case seca para lavala de novo.

No seu cuarto, a señorita Polly colleu de novo a carta que recibira dous días antes desde unha afastada cidade do oeste, e que supuxera unha desagradable sorpresa para ela. A carta estaba dirixida á «Señorita Polly Harrington, Beldingsville, Vermont», e dicía o seguinte:

Prezada señora:

Lamento comunicarlle que o reverendo John Whittier faleceu hai dúas semanas atrás, deixando unha filla única de once anos de idade. O señor reverendo non deixou practicamente nada, agás uns poucos libros, xa que, como vostede sabe, era o pastor dunha pequena parroquia e tiña un salario exíguo.